Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Elaboración dos plans de operacións, investimentos e gastos, financiamento e recursos humanos - Estudo de cómo se vai plasmar a idea de negocio, cales van ser os investimentos e gastos necesarios, as fontes de financiamento, o persoal necesario así como os riscos erivados da actividade	<ul style="list-style-type: none"> Explicación oral dos contidos da unidade na titoría presencial Resolución de dúbidas Proposta de cumplimentación do epígrafe correspondente do plan de empresa 	<ul style="list-style-type: none"> Traballo individual de lectura da unidade Participación nos foros Realización do epígrafe correspondente do plan de empresa 	<ul style="list-style-type: none"> Comentarios nos foros Apartado plan de empresa cuberto 	<ul style="list-style-type: none"> Material Platega e complementario Plataforma dixital 	<ul style="list-style-type: none"> LC.1 - Partes correspondentes do plan de empresa LC.4 - Epígrafes correspondentes do plan de empresa PE.1 - Cuestións sobre os procesos básicos nas empresas e organización das mesmas 	6,0
Busca de asesoramento e información - Identificación dos principais organismos que proporcionan asesoramento aos emprendedores	<ul style="list-style-type: none"> Resolve dúbidas Explica oralmente contidos da unidade na titoría presencial 	<ul style="list-style-type: none"> Participa en foros Traballa individualmente a unidade 	<ul style="list-style-type: none"> Comentarios nos foros 	<ul style="list-style-type: none"> Material Platega Material complementario Plataforma dixital 	<ul style="list-style-type: none"> LC.1 - Partes correspondentes do plan de empresa LC.2 - Aparatado correspondente do plan de empresa LC.3 - Epígrafes correspondentes do plan de empresa PE.1 - Cuestións sobre os procesos básicos nas empresas e organización das mesmas PE.2 - Test e/ou preguntas breves sobre os conceptos indicados 	1,0
TOTAL						7,0



4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	A contabilidade e a análise contable	13

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena ou mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación.	NO

4.7.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Identificar os elementos que integran o patrimonio da empresa e a súa agrupación nas distintas masas patrimoniais. 1.2 Determinar a representación contable do patrimonio empresarial a través do balance de situación.	1	Plan de viabilidade económico-financiera.	5,0
2.1 Calcular o fondo de manobra e os principais cocientes de análise financeira da empresa. 2.2 Analizar o limiar de rendibilidade e o período medio de maduración como índices que complementan o estudo financeiro e económico da empresa	2	Plan de viabilidade económico-financiera (II)	4,0
3.1 Identificar os principais gastos e ingresos derivados da actividade empresarial e a súa representación contable a través da conta de resultados.	3	Plan de viabilidade económico-financiera (III)	4,0
TOTAL			13

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA4.1 Analizáronse os conceptos básicos de contabilidade, así como as técnicas de rexistro da información contable: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais.	● PE.1 - Test e/ou preguntas curtas sobre conceptos de contabilidad así como casos prácticos	S	50
CA4.2 Descríbironse as técnicas básicas de análise da información contable, en especial no referente ao equilibrio da estrutura financeira e á solvencia, á liquidez e á rendibilidade da empresa.	● PE.2 - Casos prácticos de análises de viabilidade económica e financeira así como principais ratios	S	45
CA4.5 Elaborouse o plan financeiro e analizouse a viabilidade económica e financeira do proxecto empresarial.			
CA4.5.2 Analizouse a viabilidade económica e financeira do proxecto empresarial.	● LC.1 - Epígrafes correspondentes do plano de Empresa	S	5
TOTAL			100

4.7.e) Contidos

Contidos
Concepto e nocións básicas de contabilidade: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais.
Análise da información contable: equilibrio da estrutura financeira e razóns financeiras de solvencia, liquidez e rendibilidade da empresa.
Plan financeiro: estudo da viabilidade económica e financeira.

4.7.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de



avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Plan de viabilidade económico-financieira. - Exposición e práctica guiada: Importancia da contab. O plan de viabilidade: relacionar o plan de Inversións e o plan de Financiación a través do Balance. A composición do Balance. Interpretación do balance Modelo de balance para pemes e microempresas do pgc Exercicios de balance previsional. Realización do balance previsional do plan de negocios	<ul style="list-style-type: none"> Proposta de actividades sobre conceptos contables e elaboración de balances RESolución de dúbidas Explicación oral na titoría presencial 	<ul style="list-style-type: none"> Traballo individual de lectura da unidade Resolución de actividades Participación en foros 	<ul style="list-style-type: none"> Comentarios no foro Tarefa resolta Arquivo con modelos dos principais documentos 	<ul style="list-style-type: none"> Material Platega Material complementario Plataforma dixital. 	<ul style="list-style-type: none"> LC.1 - Epígrafes correspondentes do plano de Eempresa PE.1 - Test e/ou preguntas curtas sobre conceptos de contabilidade así como casos prácticos 	5,0
Plan de viabilidade económico-financieira (II) - Análise do balance de situación. O fondo de manobra: balance dunha empresa en situación de equilibrio financeiro; balance dunha empresa cuxo fondo de manobra é cero; balance dunha empresa en situación de suspensión de pagos; balance dunha empresa en situación de quebra técnica. Cálculo do umbral de rendabilidade Exposición e resolución de casos prácticos	<ul style="list-style-type: none"> Exposición cos conceptos xa sinalados na titoría colectiva Plantexa casos prácticos de análise da viabilidade económica e financeira das empresas Plantea resolución dun plan de tesouraría previsional Resolve dúbidas 	<ul style="list-style-type: none"> Traballo individual da unidade Participación en foros Realiza os casos prácticos Incorpora os correspondente epígrafes ao plan de empresa 	<ul style="list-style-type: none"> Exercicios resoltos Comentarios no foro Eoígrafe do plan de empresa cumprimentado 	<ul style="list-style-type: none"> Material Platega Material complementario Plataforma dixital. 	<ul style="list-style-type: none"> LC.1 - Epígrafes correspondentes do plano de Eempresa PE.2 - Casos prácticos de análises de viabilidade económica e financeira así como principais ratios 	4,0
Plan de viabilidade económico-financieira (III) - O problema da liquidez: o plan de Tesorería. Exposición e realización de caso práctico.A conta de resultados ou conta de perdas e ganancias. Análise da conta de resultados: ratios de rendabilidade económica e financeira. Resolución de casos prácticos	<ul style="list-style-type: none"> Exposición cos conceptos xa sinalados na titoría colectiva Plantea casos prácticos de realización de conta de perdas e ganancias 	<ul style="list-style-type: none"> Plantea resolución dun plan de tesouraría previsional Plantea actividades de determinación de ratios Resolve dúbidas Traballo individual da unidade Participación no foro Incorporación dos correspondente epígrafes ao plan de empresa 	<ul style="list-style-type: none"> Comentarios no foro Comentarios no foro Eoígrafe do plan de empresa cumprimentado 	<ul style="list-style-type: none"> Material Platega Material complementario Plataforma dixital. 	<ul style="list-style-type: none"> LC.1 - Epígrafes correspondentes do plano de Eempresa 	4,0
TOTAL						13,0



4.8.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
8	A xestión da empresa	8

4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena ou mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación.	NO

4.8.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.2 Distinguir a documentación relacionada coa compravenda: pedido ou proposta de pedido, o albarán ou nota de entrega, a factura. 1.3 Diferenciar os documentos relacionados co pago e o cobro: a letra de cambio, o cheque, o recibo. 1.1 Coñecer os procesos administrativos na empresa.	1	Documentos básicos	4,0
2.1 Identificar a función dos tributos no marco da Economía. 2.2 Describir os elementos que integran os tributos e a súa tipoloxía básica. 2.3 Diferenciar o réxime fiscal do empresario individual e o empresario social. 2.4 Analizar os principais impostos que afectan ás empresas: IRPF; IVE; Imposto de sociedades	2	As obrigas fiscais da empresa	4,0
TOTAL			8

4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA4.3 Definíronse as obrigas fiscais (declaración censual, IAE, liquidacións trimestrais, resúmenes anuais, etc.) dunha pequena e dunha mediana empresa relacionada co deseño e o amoblamento, e diferenciáronse os tipos de impostos no calendario fiscal (liquidacións trimestrais e liquidacións anuais).	• PE.1 - Test e/ou preguntas cortas sobre os conceptos indicados. Casos prácticos	S	80
CA4.4 Formalizouse con corrección, mediante procesos informáticos, a documentación básica de carácter comercial e contable (notas de pedido, albarás, facturas, recibos, cheques, obrigas de pagamento e letras de cambio) para unha pequena e unha mediana empresa de deseño e amoblamento, e describíronse os circuitos que recorre esa documentación na empresa.	• PE.2 - Test e/ou preguntas cortas sobre os conceptos indicados. Casos prácticos	N	20
TOTAL			100

4.8.e) Contidos

Contidos
Obrigas fiscais dunha pequena e dunha mediana empresa.
Ciclo de xestión administrativa nunha empresa de deseño e amoblamento: documentos administrativos e documentos de pagamento.
Coidado na elaboración da documentación administrativo-financeira.

**4.8.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Documentos básicos - Coñeceranse os principais documentos derivados das operacións de compravenda: pedidos, albaráns, facturas, letras de cambio, cheques....	<ul style="list-style-type: none"> Resolución de dúbidas Explicación oral da documentación comercial básica da empresa na titoría presencial Proposta de cumplimentación de documentos comerciais: factura, albaran, nota de pedido, cheque.... 	<ul style="list-style-type: none"> Traballo individual de lectura da unidade Participación nos foros Resolución de tarefas 	<ul style="list-style-type: none"> Tarefas resoltas Comentarios feitos no foro 	<ul style="list-style-type: none"> Material Platega Material complementario Plataforma dixital. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.2 - Test e/ou preguntas cortas sobre os conceptos indicados. Casos prácticos 	4,0
As obrigas fiscais da empresa - Analizaranse os principais tributos das empresas segundo a súa forma xurídica así como o calendario fiscal	<ul style="list-style-type: none"> Exposición sobre as características do sistema fiscal español e dos principais impostos a pagar polas empresas Propón a resolución de casos prácticos sinxelos de cálculo de IRPF, IVE, Sociedades..... Resolución de dúbidas Proposta de cumplimentación do correspondente epígrafe do plan de empresa 	<ul style="list-style-type: none"> Traballo individual de lectura do tema Participación nos foros Resolución dos casos prácticos Cumplimentación apartado do plan de empresa 	<ul style="list-style-type: none"> Epígrafe do plan de empresa cumplimentado Comentarios realizados nos foros 	<ul style="list-style-type: none"> Plataforma dixital Material Platega Material complementario 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Test e/ou preguntas cortas sobre os conceptos indicados. Casos prácticos 	4,0
TOTAL						8,0

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Mínimos exixíbeis para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Valorouse a importancia do auto emprego a cultura emprendedora e a innovación.

Identificáronse as funcións básicas dunha empresa e os elementos do seu contorno.

Analizáronse os factores que inflúen no mercado e identificar as técnicas de marketing.

Diferenciáronse os distintos tipos de formas xurídicas e a responsabilidade dos socios.

Levou a cabo un estudo de viabilidade económica e financeira dunha peme do sector.

Definíronse as obrigacións fiscais e diferenciáronse os tipos de impostos aplicables no calendario fiscal.

Identificouse a documentación básica de carácter comercial e contábel para unha peme do sector, e describir os circuitos que percorre na empresa.

Elaborouse un plano de empresa.

Os criterios de cualificación que se empregarán son os seguintes:

A cualificación do alumnado virá determinada pola suma da cualificación obtida dos seguintes instrumentos de avaliación:

1º Participación nos foros de cada unidade didáctica, respondendo a dúbidas dos compañeiros/as, cuestións propostas polo profesor/a e/ou aportando opinións sobre temas tratados nas correspondentes unidades didácticas

Valorarase a pertinencia das intervencións, a elaboración de ideas propias, a actitude positiva, o interese, a colaboración cos compañeiros/as, o respecto ás regras sociocomunicativas e ás opinións das outras persoas, etc.

A media das nota da participación nos foros suporá un 10% da nota da avaliación.

2º Tarefas en liña correspondentes ás unidades didácticas, entregadas en forma e prazo.

O alumnado deberá realizar as tarefas en liña que o profesorado propondrá con carácter avaliable.

Estas tarefas deberán entregarse seguindo as instrucións, respectando as normas e os prazos establecidos. Fóra de prazo non se admitirá a entrega das tarefas.

A cualificación obtida da media das tarefas suporá un 20% da nota .

3º Probas teórico-prácticas de carácter presencial e obrigatorio. Haberá tres. Estas probas poden consistir nun cuestionario con afirmacións para identificar se son verdadeiras ou falsas ou/e preguntas test con escolla da alternativa correcta ou preguntas con respostas breves e, de ser o caso, casos prácticos similares aos traballados en cada unidade didáctica.

Estes exames teñen carácter obrigatorio, realizaranse no centro docente nas datas indicadas e poderán incorporar contidos desenvolvidos nas sesións presenciais.

A cualificación obtida da media dos tres exames suporá o 70% da nota.

Para poder considerar a materia superada o alumnado deberá obter un mínimo de cinco puntos como nota final, aplicando os tres elementos de avaliación mencionados.

No caso de que a cifra obtida teña decimais, aplicarase o redondeo: Se o primeiro decimal é igual ou inferior a 5, a nota redondéase á baixa (exemplo: un 3,48 quedará en 3; un 6,40 sería un 6). Pola contra, se ese primeiro decimal é superior a 5, a nota sería redondeada á alza (exemplo: un 5,60 será un 6; un 7,90 sería un 8).

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

-Aquel alumnado suspenso que seguiu o módulo de forma regular, presentándose ás probas, enviando as tarefas e participando nos foros, poderá presentarse en xuño a un exame final onde recuperará os exames non superados.
A cualificación final do módulo será : 70% da media dos tres exames (tendo en conta a nota das recuperacións) + 20% da media das tarefas + 10% da media da participación en foros

Haberá que obter unha nota igual ou superior a 5 para superar o módulo.

-O alumnado que non se presente a ningunha das probas escritas, nin presente tarefas nin participe nos foros, terá que presentarse a un exame final en xuño que representará o 100% da cualificación e abarcará todo o módulo. Haberá que obter cando menos un 5 para aprobar o exame

Este exame consistirá en dúas partes:

- Teórica (4 puntos) que poderá incluír preguntas tipo test ou preguntas curtas; as preguntas deberán permitir comprobar que se cumpre polo menos un dos criterios de avaliación de cada un dos resultados de aprendizaxe.
- Práctica (6 puntos): resolución de casos prácticos que poderán pertencer ás unidades 5,6,7 e 8 (cálculo de custos financeiros no financiamento alleo, elaboración de plano de tesouraría, balance de situación e conta de resultados; análise do balance de situación: equilibrio, suspensión de pagamentos e quebra técnica; aplicación de ratios na análise da rendibilidade económica e financeiracazos prácticos de cálculo de imposto de sociedades, método de estimación directa de IRPF e cálculo de IVA ou ITPAJD).

-Con anterioridade á realización da proba extraordinaria realizaranse actividades de reforzo dos contidos de cada bloque que a modo de orientación son expostos a continuación:

Para atinxir o RA1: Desenvolve o seu espírito emprendedor identificando as capacidades asociadas a el e definindo ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación e a creatividade.

Repaso de contidos referentes a:

- ¿ Innovación e desenvolvemento económico.
- ¿ Cultura emprendedora en Galicia e España no cadro da UE.
- ¿ Factores clave das persoas emprendedoras.
- ¿ Ideas emprendedoras: fontes de ideas, maduración e valoración destas.
- ¿ Plano de empresa: importancia e utilidade, estrutura e aplicación

Para atinxir o RA2: Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o ámbito, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos.



Repaso de contidos referentes a:

- ¿ A empresa como concepto, funcións e clasificacións
- ¿ Análise do contorno dunha PEME do sector produtivo.
- ¿ Responsabilidade social da empresa e compromiso co desenvolvemento sustentábel.
- ¿ -Cultura empresarial, comunicación e imaxe corporativa.
- ¿ Descrición dos elementos e estratexias do plano de produción e do plano de marketing.
- ¿ Plano de empresa: organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios, plano de marketing.

Para atinxir o RA3: Selecciona a forma xurídica tendo en conta as implicacións legais asociadas e o proceso para a súa constitución e posta en marcha.

Repaso de contidos referentes a:

- ¿ Análise das necesidades de investimento e das fontes de financiamento dunha pequena e mediana empresa no sector produtivo.
- ¿ Formas xurídicas da empresa: criterios de escolla da forma xurídica.
- ¿ Proceso administrativo de constitución e posta en marcha dunha empresa.
- ¿ Plano de empresa: escolla da forma xurídica, trámites administrativos, a xestión de axudas e subvencións.

Para atinxir o RA4: Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena e mediana empresa, identifica as principais obrigacións contábeis e fiscais e formaliza a documentación.

Repaso de contidos referentes a:

- ¿ -Concepto e nocións básicas de contabilidade.
- ¿ -Análise da información contábel.
- ¿ Estudo de viabilidade económica e financeira.
- ¿ Obrigacións fiscais dunha PEME.
- ¿ Ciclo de xestión administrativa nunha empresa: documentos administrativos e documentos de pagamento e cobranza.
- ¿ Plano de empresa: viabilidade económica e financeira.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Non procede en ensinanza a distancia

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

O seguimento da programación será realizado utilizando a aplicación "Seguimento das programacións" que se encontra na ligazón <https://www.edu.xunta.es/programacions/>.

Alén disto, en todas as reunións mensuais do departamento, un punto obrigatorio da orde do día é a confirmación de que estes seguimentos da aplicación están sendo realizados, así como o comentario de calquera incidencia no seguimento da programación.

Para o caso do seguimento da avaliación da práctica docente, utilizarase o modelo de enquisa de satisfacción do labor docente (MD82CLI03) que o alumnado debe realizar a proposta do/a titor/a de cada grupo trimestralmente. No caso de que esta enquisa non atinxira a puntuación mínima, o/a profesor/a envolvido/a reunirse co alumnado para tratar con máis profundidade aqueles items en que o alumnado manifestara algunha desconformidade.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

As equipas docentes realizan unha reunión ao inicio do curso para contrastar e valorar a avaliación inide ensino non obrigatorio este procedemento semella suficiente. Nos centros en que está implantado o sistema de calidade todas cial feita polos/as titores/as. Dado que estamos falando Os integrantes do departamento decidimos que, se o/a profesor/a acha necesario nalgún curso concreto, vaise adoptar como procedemento un cuestionario que (sen ser modelo oficial) vén proposto na web de calidade: 15015767 - Cuestionario-Alumnado. Avaliación inicial. O cuestionario é achegado como anexo a esta programación na epígrafe 10.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

O significado educativo da Atención á Diversidade pode concretarse nos seguintes puntos:

- Pártese da idea de que as persoas son diferentes e que xa que logo a escola debe axudar a cada un a desenvolver as súas aptitudes.
- A crenza de que a vida é unha carreira na que só uns poucos conseguen chegar ao final, fai que se intente eliminar a competitividade.
- Non se trata de educar na igualdade, senón ofrecer a todos as mesmas oportunidades para ser desiguais.

Todo iso está fundamentado nunha serie de principios básicos e fundamentais:

- Principio de normalización: necesidade de que calquera alumno beneficiase, sempre que sexa posible, dos servizos educativos ordinarios.
- Principio de individualización: todo centro docente ten como tarefa primordial proporcionar a cada alumno a resposta que necesita en cada momento para desenvolver de forma óptima as súas capacidades e as súas posibilidades reais.

Para levar a cabo o desenvolvemento do tratamento da diversidade, é preciso analizar cada caso para aplicar a medida apropiada.

É preciso indicar que na formación profesional específica, ensino post-obrigatoria, non caben as adaptacións curriculares significativas, as adaptacións que se poden aplicar deben ser non significativas, xa que logo existen dúas situacións:

- Necesidades sensoriais: utilizaranse elementos materiais, escritos, audiovisuais e informáticos, de acceso ao currículo.
- Diversidade de intereses e/ou ritmos nas aprendizaxes: utilizaranse actividades de apoio, reforzo ou ampliación segundo a situación, estas actividades versan sobre o tema e débense desenvolver no aula.

No esencial, estas medidas consisten en proporcionar a este alumnado, prácticas complementarias as previstas para o conxunto do grupo da clase co fin de facilitar que alcancen os RA buscados. Nalgunha ocasión, cando se manifeste unha motivación para aprender adecuada pero aínda así non se alcancen os obxectivos programados, esa práctica non será complementaria, senón substitutiva da prevista para o grupo.

No caso do ensino a distancia, todo o anterior ven condicionado a unha notificación do alumnado sobre dificultades concretas pois, como se sabe, o alumno ten dereito a non dar sinais do seu aproveitamento do curso ata o momento do exame final.

Para aqueles alumnos que durante o curso non superen as distintas avaliacións ou requiran algún reforzo, por observarse algún problema no aprendizaxe:

- Se lles facilitarán actividades consistentes en exercicios prácticos, e cuestionarios para aclarar aqueles aspectos onde se detectaron maiores deficiencias.
- Se lle realizará unha proba escrita sobre os contidos da avaliación non superada.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

A finalidade da educación é o desenvolvemento integral do alumnado. Isto supón atender non só ás capacidades cognitivas ou intelectuais dos alumnos senón tamén ás súas capacidades afectivas, motrices, de relación interpersonal e de inserción e actuación social.



A formación ético-moral xunto coa formación científica debe posibilitar esa formación integral.

A Lexislación educativa estableceu os currículos das distintas etapas educativas e neles os ensinamentos ou temas transversais que deben estar presentes nas diferentes áreas.

O carácter transversal fai referencia a diferentes aspectos:

- a) Os temas transversais abarcan contidos de varias disciplinas e o seu tratamento debe ser abordado desde a complementariedade.
- b) Non poden suscitarse como un programa paralelo ao desenvolvemento do currículo senón inxerido na dinámica diaria do proceso de ensino/aprendizaxe.
- c) Son transversais porque deben impregnar a totalidade das actividades do centro.

Por outra banda, os temas transversais deben contribuír especialmente á educación en valores morais e cívicos do alumnado.

Son considerados temas transversais:

- Ecuación moral e cívica.
- Ecuación para a paz.
- Educación para a igualdade de oportunidades de ambos sexos.
- Educación ambiental.
- Educación para a saúde.
- Educación vial.
- Educación do consumidor.
- Educación para o desenvolvemento.
- Educación para o uso das novas tecnoloxías da información e a comunicación.

Para tratar os temas transversais, tarefa complexa na Formación Profesional, o procedemento que se segue é o seguinte:

1. Determinar os temas transversais que, dunha forma natural e non forzada, aparecen nos obxectivos do módulo.
2. Definir os obxectivos específicos a lograr para cada un deles.
3. Indicar as unidades de traballo onde deben aplicarse.
4. Sinalar a metodoloxía a utilizar.
5. Indicar unha proposta de avaliación

Os obxectivos do módulo Empresa e iniciativa emprendedora propician o tratamento dos seguintes temas transversais:

- A. Educación moral e cívica.
- B. Educación para a paz.
- C. Educación para a igualdade de oportunidades de ambos sexos.
- D. Educación ambiental.

A. Educación moral e cívica

Obxectivos

- Desenvolver de forma autónoma, racional e dialogante o sentido crítico.
- Conseguir comportamentos coherentes cos principios e normas que persoalmente constrúan, respectando aquelas que a sociedade de modo democrático e buscando a xustiza e o benestar colectivo deuse.

Unidades de traballo onde deben aplicarse

- Unidade 1. O emprendedor
- Unidade 3. A empresa e a súa entorna
- Unidade 4. A responsabilidade social do empresario
- Unidade 8. As obrigacións fiscais
- Unidade 12. O plan de empresa.

Metodoloxía

Aplicación do método de comprensión crítica:

A comprensión crítica pretende recadar información sobre realidades concretas, entender toda a súa complexidade, valorala e comprometerse na súa mellora. Inténtase fuxir de visións parciais ou simplistas buscando, seleccionando e contrastando informacións diversas.



O que se pretende é que o alumnado fórmese un xuízo crítico sobre os conflitos de valores que se xeran, así como propostas de solución desde unha perspectiva realista e de solidariedade.

Valoración da adopción por parte do alumnado de actitudes positivas ante a realidade social.

B. Educación para a paz

Obxectivos

- Recoñecer e afrontar as situacións de conflito desde a reflexión serena sobre as súas causas, tomando decisións negociadas para solucionarlas dunha forma creativa, tolerante e non violenta.
- Actuar na diversidade social e cultural cun espírito aberto, respectuoso e tolerante, recoñecendo a riqueza do diverso como elemento positivo que nos suscita o reto permanente de superación persoal e social da nosa convivencia en harmonía.

Unidades de traballo onde debe aplicarse

- Unidade 4. A responsabilidade social da empresa
- Unidade 10. O plan de empresa.

Metodoloxía

Utilízanse os dilemas morais. A discusión de dilemas morais procura primeiro crear conflito, producir incerteza ou dúbida e logo axudar a restablecer o equilibrio nun nivel superior de xuízo moral.

Os dilemas morais son narracións que presentan un conflito de valor e que a través de preguntas inténtase chegar á mellor solución para o dilema.

Proposta de avaliación

Valoración da adopción por parte do alumnado de actitudes positivas ante a realidade social.

C. Educación para a igualdade de oportunidades de ambos sexos

Obxectivos

- Incrementar a igualdade de oportunidades, superando a discriminación e fomentando a comunicación e a participación.

Unidades de traballo onde debe aplicarse

Todos no desenvolvemento diario da actividade académica.

Metodoloxía

- Diriximos co mesmo ton e léxico sen discriminar por ningún tipo de causa.
- Propiciar grupos de traballo mixtos.

Proposta de avaliación

Valoración da adopción por parte do alumnado de actitudes positivas ante a realidade social.

D. Educación ambiental

Obxectivos

- Tomar conciencia dos problemas medioambientais e responsabilizarse ca toma de medidas respecto diso.
- Unidade 6. Creación da pequena empresa
- Unidade 10. O Plan de empresa

Metodoloxía

Utilízanse os dilemas morais. A discusión de dilemas morais procura primeiro crear conflito, producir incerteza ou dúbida e logo axudar a restablecer o equilibrio nun nivel superior de xuízo moral.

Os dilemas morais son narracións que presentan un conflito de valor e que a través de preguntas inténtase chegar á mellor solución para o dilema.

Proposta de avaliación

Valoración da adopción por parte do alumnado de actitudes positivas ante a realidade social.

E. Educación do consumidor

Obxectivos

- Tomar conciencia dos problemas do consumismo e responsabilizarse con tómaa de medidas respecto diso.

Unidades de traballo onde debe aplicarse

- Unidades10. O Plan de empresa.

Utilízanse os dilemas morais. A discusión de dilemas morais procura primeiro crear conflito, producir incerteza ou dúbida e logo axudar a

restablecer o equilibrio nun nivel superior de xuízo moral.

Os dilemas morais son narracións que presentan un conflito de valor e que a través de preguntas inténtase chegar á mellor solución para o dilema.

Aplicación do método de comprensión crítica:

A comprensión crítica pretende recadar información sobre realidades concretas, entender toda a súa complexidade, valorala e comprometerse na súa mellora. Inténtase fuxir de visións parciais ou simplistas buscando, seleccionando e contrastando informacións diversas.

O que se pretende é que o alumnado fórmese un xuízo crítico sobre os conflitos de valores que se xeran, así como propostas de solución desde unha perspectiva realista e de solidariedade.

Proposta de avaliación

Valoración da adopción por parte do alumnado de actitudes positivas ante a realidade social

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Non procede en educación a distancia aínda que o alumnado será informado das actividades organizadas polo Departamento para o réxime presencial por se alguén está interesado en participar nalgunha delas

10. Outros apartados

10.1) O PLAN DE EMPRESA

Dadas as características deste módulo e tendo en conta o momento de especial dificultade na situación económica o plan de empresa que ten que elaborar todo o alumnado realizarase en base a unha idea de negocio elixida por eles. Aínda que se fomentará que crean unha empresa adicada a actividades do seu sector, non será requisito ineludible.

Por outra banda, a empresa poderá ser individual (una única persoa) pero tamén unha sociedade (unha persoa ou varios alumnos) ou cooperativa (varios alumnos). No caso de formar un grupo de promotores, o número máximo deles será de catro.

10.2) PLANTILLA DA AVALIACIÓN INICIAL

Só en circunstancias concretas utilizaríase unha avaliación diferente á utilizada pola titoría do grupo. Nese caso, sería empregado o seguinte cuestionario do Sistema de Xestión de Calidade.

Cuestionario inicial do alumnado

Ciclo formativo / PCPI Ano académico Grupo

Esta información ten carácter reservado e será utilizada polo profesorado titor coa finalidade de facilitar a axuda que precise o alumnado do grupo.

A formalización dos recadros é, en todo caso, de carácter voluntario. É moi importante contestar con sinceridade.

Datos do/da alumno/a: Apelidos e nome, DNI ou NIE, data de nacemento, enderezo durante o curso (rúa, número, andar e letra), código postal e localidade, provincia, teléfono fixo, teléfono móbil e correo electrónico.

Datos académicos: Estudos previos realizados, titulación máxima alcanzada, data de finalización e centro, cursos repetidos, recibiches algunha vez apoio educativo (adaptación ou diversificación curricular).

O ciclo formativo que estás a cursar foi a túa primeira opción?

Acceso mediante proba?

Por que escolliches este ciclo formativo?

Cales son as expectativas respecto aos estudos que vés de iniciar?

En que che gustaría traballar ao rematar os teus estudos?

Que outra formación complementar desexarías recibir?



Realizas outros estudos ou actividades fóra do CIFP? Si ou Non.

En caso afirmativo, cales?

Gustaríache participar nas actividades do CIFP? Si ou Non.

En caso afirmativo, en cales?

Experiencia profesional: Posto de traballo, duración da actividade, lugar (empresa e localidade).

Outras actividades desenvolvidas: Afeccións, actividades de lecer, (lectura, deporte, cine, informática e novas tecnoloxías, etcétera).

Participación en actividades colectivas (asociacións culturais, agrupacións deportivas, etcétera).

Outra información que consideres oportuno achegar que poida influír nos teus estudos.

10.3) CUESTIONARIO COÑECEMENTOS PREVISO ESPECÍFICOS

Este cuestionario ten como único obxectivo coñecer a "cultura xeral" do alumno (coñecementos por medios de comunicación, lecturas propias, derivados da súa experiencia laboral) no referente a coñecementos relacionados co módulo. Non se puntúa, pois, de cara a avaliación do módulo.

PREGUNTAS:

1. EN QUE CONSISTE O ESPÍRITU EMPRENDEDOR:

2. EN QUE SE DIFERENCIA UNHA S.A. DUNHA S.R.L.?

3. QUE ENTENDES POR MARKETING-MIX?

5. SABES CAL É O CICLO DE VIDA DUN PRODUCTO?

6. QUE É UN ORGANIGRAMA?

7. É O MESMO UN TRIBUTO QUE UN IMPOSTO? (INTENTA RAZOAR A RESPOSTA)

8. QUE SIGNIFICAN AS SEGUÍNTES SIGLAS: I.R.P.F. - I.V.E. - IAE

9. QUE INDICAN AS EXPRESIÓN:

-N.I.F.:

-C.I.F.:

10. QUE É UNHA AMORTIZACIÓN?

11. QUE SIGNIFICAN AS EXPRESIÓN "ACTIVO" E "PASIVO" REFERENTES Á CONTABILIDADE DUNHA EMPRESA.

12. QUE É O PUNTO DE ATENCIÓN AO EMPRENDEDOR/A? (PAE)

13. QUE TIPOS DE SOCIEDADES COÑECES?

10.4) LIBROS DE TEXTO e WEB para consulta de lexislación

LIBROS DE CONSULTA:

Empresa e Iniciativa Emprendedora: Editorial Editex

Empresa e Iniciativa Emprendedora: Editorial Mcmillan

Empresa e Iniciativa Emprendedora : Editorial EDEBÉ

Empresa e Iniciativa Emprendedora: Editorial McGraw-Hill

WEB RECOMENDADA PARA COSULTAR LEXISLACIÓN:

https://boe.es/legislacion/codigos/codigo.php?id=035_Codigo_de_Comercio_y_legislacion_complementaria&modo=1